

**PROGRAMACIÓN**

**PRIMEIRO DE PRIMARIA**

**EDUCACIÓN FÍSICA**

## ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3-5
2.-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, EMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL	6
3.-CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR	7
4.-LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES	7
5.-RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	8
6.-CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE	09-19
7.-CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA	20-22
8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	23-24
9.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	25-28
10.-INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICADOCENTE	29
11.-DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACIÓN DO CURSO 2019/2020) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	30
12.-DESENVOLVEMENTO TICS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL	30
13.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	31
14.-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	32

## **1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A programación didáctica que se presenta a continuación xurde tendo en conta a situación de saúde pública provocada polo COVID-19, que a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a pandemia internacional.

Polas características especiais da área de Educación Física, que ten un alto compoñente de contido procedimental, co que esto con leva en canto a utilización de variedade de material, manipulación de dito material, contacto físico entre o alumnado, etc..., haberá que extremar as precaucións na práctica docente.

Polo tanto, cobrarán especial relevancia as adaptación no significativas de organización de espazos, material, e outras medidas que se especificarán no apartado de metodoloxía

### **CONTEXTUALIZACIÓN**

Segundo a Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa que se aplica na nosa comunidade a través do decreto 105/2014, do 4 de setembro querendo garantir a igualdade de oportunidades entre todos os alumnos e alumnas, a finalidade da Educación Primaria é proporcionarles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ao sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo a través das competencias clave:

- Competencia de comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencia sociais e cívicas.
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia na conciencia e expresións culturais

Estas competencias son as que as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Trátase polo tanto para traballar cara a vida cotiá, un saber facer e saber actuar como cidadán. Por iso, o centro educativo debe organizar de xeito idóneo actividades, propiciando experiencias e ambientes que constitúan un medio óptimo para o desenvolvemento das capacidades.

Ademais débese contribuír de xeito eficaz para compensar todo tipo de desigualdades: carencias que teñen a súa orixe nas diferenzas do medio social, cultural e económico, as diferenzas psicolóxicas dos nenos/as, etc

Neste progresivo desenvolvemento cobran unha especial relevancia as relacións que poidan establecerse entre as experiencias previas e aquelas que se presentan como novidade, por canto que contribúen de xeito eficaz á construción de aprendizaxes significativos por parte dos nenos e nenas.

A programación é un instrumento fundamental que axuda e orienta ao profesor/a no proceso de E-A, que se desenvolve cun grupo concreto de alumnos. Coa programación sistematizamos o traballo diario e planificamos as tarefas a realizar durante o proceso educativo.

Polo tanto a PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA é necesaria por varias razóns:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación.
- Sistematiza, ordena e concreta o proceso indicado no P.E., contando con suficiente flexibilidade para deixar marxe á creatividade.
- Permite adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto.

## CONTEXTUALIZACIÓN

CEIP OS TILOS
Rúa do Ameneiro, 15894 Teo, A Coruña
Código de centro.- 15025724
CIF-Q6555190E
Educación Infantil e Primaria
Infantil.- 6 Unidades
Primaria.- 12 Unidades
Xornada Única.- (+ martes pola tarde)

### **Perfil do centro**

Trátase do CEIP de Os Tilos, onde se imparte as etapas de Educación Infantil e Primaria; situado na parroquia de Os Tilos no Concello de Teo. É un centro de liña dúas, en tódolos cursos e conta con seis unidades de educación infantil e doce unidades de educación primaria.

Posúe un edificio para as aulas de educación infantil e outro para as aulas de educación primaria repartidas en tres plantas no que tamén están a biblioteca, a aula de informática, a sala de Mestres, a secretaría e a dirección, o despacho de orientación, un reservado para a Anpa, os aseos e os cuartos de limpeza. Un tercio do edificio é o ximnasio (que é o que máis nos interesa nesta programación). Ten un patio acondicionado lonxitudinalmente para a práctica do Balonmán e fútbol sala (porterías) e transversalmente forma dous campos para a práctica de minibasket.

## **2.-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL**

### **2.1.-Actividade Lectiva Presencial.**

A planificación e traballo de contidos, farase tendo en conta como dixemos anteriormente as especiais circunstancias de pandemia nas que nos atopamos; priorizando na maioría do posible o traballo na clase de xeito individual respetando ás medidas de prevención hixiénico sanitarias; e por outra banda, intentaremos favorecer a socialización do alumnado mediante un recurso metodolóxico fundamental en educación física como é o xogo motor.

Se priorizará en todo momento o traballo físico no exterior coas medidas de establecidas para a prevención de contaxios polo covid.

### **2.2.-Actividade Lectiva Semipresencial.**

Combinaremos a parte de traballo presencial seguindo as directrices expostas anteriormente, co traballo telemático que se explicará no seguinte punto deste apartado.

### **2.3.-Actividade Lectiva Non Presencial.**

1.-Utilizaremos a Aula Dixital cunha contorna Moodle; aquí colgaranse os cuestionarios, leccións, tarefas que os alumnos/as deberán de realizar.

2.-Utilización de aplicacións didácticas dixitais como poden ser JCLIC, LIM, HOT POTATOES, para aprender xogando e reforzar contidos de tipo teórico.

3.- Asimesmo si fose necesario utilizaríamos a páxina web do Centro dentro da categoría de educación física para publicar enlaces, blogs recomendados, así como canle de comunicación coas familias se fose necesario.

Para levar a cabo este traballo será preciso por parte do alumnado de ordenadores e conexión a Internet.

### **2.4.-Alumnado de 1º 2º.**

Propondremos dende a páxina web drupal do Centro, na categoría de educación física recomendacións para promover a actividade física na casa, utilizando os recursos dixitais dispoñibles (canles educativos, vídeos tutoriais), fichas, xogos, etc...

### **3.-CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR**

No curso anterior, o alumnado traballou todos os contidos que estaban previstos, xa que tendo en conta que a área de educación física ten un carácter altamente procedimental, foi un momento idóneo para traballar contidos que as veces polo interese dos rapaces en actividades físico deportivas máis prácticas e dinámicas, se traballaban en menor medida como poden ser os aspectos conceptuais relacionados coa saúde, reglamentación deportiva, educación vial, traballo das tics, etc...

### **4.-LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES ADQUIRIDAS O CURSO PASADO MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.**

4.1.- Seguiremos traballando as capacidades físico motrices tendo en conta as medidas de prevención de contaxios; para levar a cabo este traballo favoreceremos o traballo individual a través de tabatas donde ademáis das capacidades físico motrices, se traballen capacidades resultantes como poden ser as coordinacións e os equilibrios.

Este traballo está presente en todas as actividades físico-motrices que levemos a cabo.

4.2.- Incidiremos en exercicios de tipo funcional, con peso do corpo e practicamente sen material, cunha clara transferencia a situación físicas e motrices da vida cotiá.

4.3.- Presentaremos xogos motores de diversos tipos (oposición, colaboración e colaboración/oposición), así como modalidades de iniciación deportiva individual, ou de cancha dividida e participación alterna.

4.4.- Cos cursos máis baixos tamén aproveitaremos está situación para traballar ou incidir en aspectos comunicativos e expresivos, rítmicos, etc...

## 5.-RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

<b>APRENDER A APRENDER</b> (Adaptación Terceira Avaliación)	
1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas.
1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias.	1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables.	1º-EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.	<b>COMPETENCIA DIXITAL</b> (Adaptación Terceira Avaliación)
	1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
<b>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	
1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI</b>	
1º-EFB6.2.2 – Recoñece xogos tradicionais de Galicia.	
<b>COMPETENCIA CONCIENCIA SOCIAL E CÍVICA</b>	
1º-EFB1.1.1 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas.
1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias.	1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables.



## **6.-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

### **6.1.-OBXECTIVOS**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.**

**j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.**

**k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respec-tar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.**

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

**n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.**

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importan-tes á cultura e á sociedade galegas.

## **6.2.-CONTIDOS**

### **BLOQUE 1 CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.

B1.2. Respetto das persoas que participan no xogo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver **actitudes** apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.

### **BLOQUE 2 O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN**

B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.

B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.

B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.

B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.

B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.

B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.

B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).

B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.

B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

### **BLOQUE 3 HABILIDADES MOTRICES**

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos.

B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.

B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.

B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

### **BLOQUE 4 ACTIVIDADES FÍSICO ARTÍSTICO EXPRESIVAS**

B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.

B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.

B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.

B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

## **BLOQUE 5 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.

B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.

B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.

B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.

B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo.

## **BLOQUE 6 XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.

B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.

B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.

B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.

B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.

B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.

B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.

### 6.3.-PLANIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS PRIMEIRO TRIMESTRE – SEPTEMBRO / DECEMBRO</b>			
U.D.1 COMENZAMOS O CURSO XOGOS DE INTERACCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN	U.D.2 O NOSO CORPO CORPORALIDAD E ESQUEMA CORPORAL AJUSTE E CONTROL TÓNICO	U.D.3 DOS PARTES IGUALES LATERALIDAD	
<b>UNIDADES DIDÁCTICAS SEGUNDO TRIMESTRE – XANEIRO / ABRIL</b>			
U.D.4 SOY HÁBIL I	U.D.5 EQUILIBRISTAS	U.D.6 A SAÚDE CORPORAL E A EDUCACIÓN VIAL	
<b>UNIDADES DIDÁCTICAS TERCEIRO TRIMESTRE – ABRIL / XUÑO</b>			
U.D.7 COMUNICACIÓN CORPORAL	U.D.8 XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS DA LOCALIDADE XOGOS DE CALLE	U.D.9 XOGOS DE PATIO E CALLE	
<b>ADAPTACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS EN CASO DE CONFINAMENTO</b>			
U.D. SAÚDE, HIXIENE E ALIMENTACIÓN EDUCACIÓN VIAL	U.D. ADAPTACIÓN DE XOGOS MOTORES DE COORDINACIÓN E EQUILIBRIOS	U.D. XOGOS DE PATIO E CALLE TRADICIONAIS	U.D.HABILIDADES MOTRICES /PERCEPTIVO MOTRICES

## 6.4.-PERFIL DE ÁREA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES PONDERACIÓN -	INDICADOR MÍNIMO DO LOGRO	T 1	T 2	T 3	INSTUMENTOS PROCEDIMIENTOS AVALIACIÓN	C.C
<b>BLOQUE 1 CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</b>							
EF-B1.1	1º-EFB1.1.1 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. Peso: 3,333%	Escoita a opinión dos compañeiros, respecta o turno para falar 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(100%) INSTRUMENTOS: Diario de clase (50%) Rexistro anecdótico (anecdotalario 50%)	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	1º-EFB1.1.2 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. Peso: 3,333%	Avisa ao profesor cando se produce unha irregularidade nos xogos 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotalario).100%	CSC CAA CSIEE
EF-B1.2	1º-EFB1.2.1 - Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. Peso: 3,333%	Sigue pautas ou pasos que se lle van dando para utilizar recursos dixitais 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100% INSTRUMENTOS: Proba aberta 100%	CD CAA CCL
EF-B1.3	1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas. Peso: 3,333%	Mostra interés polas actividades presentadas, con independencia do tipo de actividade 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotalario) 100%	CSC CAA CSIEE
EF-B1.3	1º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas	Entiende con certa rapidez a lóxica interna das	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Proba de	CSIEE CAA

	motores. Peso: 3,333%	actividades presentadas 50%				capacidade motriz.70% Resolución de exercicios e problemas.30%	CCECCS C
EF-B1.3	1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. Peso: 3,333%	Trae con regularidade (practicamente todos os días) o equipamento deportivo 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Diario de clase 50% Rexistro anecdótico (anecdótico) 50%	CSC CSIEE CAA
EF-B1.3	1º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. Peso: 3,333%	Axuda a recoller o material cando se lle pide 50 %	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100%  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico)100%	CSC
EF-B1.3	1º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. Peso: 3,333%	Mostra boa disposición cando lle toca co resto de compañeiros da clase en distintos agrupamentos 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico anecdótico)70% Diario de clase30%	CSC CAA
<b>BLOQUE 2 O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN</b>							
EF-B2.1	1º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. Peso: 3,333%	Compañerismo con todos os compañeiros 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática100%  INSTRUMENTOS: Diario de clase 100%	CSC CAA
EF-B2.2	1º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias. Peso: 3,333%	Cabeza, pescozo, ombreiros, cóbado, mans, cadeiras, rodillas, nocellos 50%	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas 80%. Cuestionarios 20% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 80%. Cuestionario pechado.20%	CAA CSC
EF-B2.2	1º-EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio	Se eqBLOuilibra correctamente,		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100%	CAA CSC

	estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. Peso: 3,333%	sobre ladrillos de piscomotricidade, bancos suecos, rodas, etc..., nas distintas actividades 50%				INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	
EF-B2.2	1º-EFB2.2.3 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. Peso: 3,333%	Realiza esas adaptacións de xeito regular 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico) 100%	CAA CSC CSIEE
<b>BLOQUE 3 HABILIDADES MOTRICES</b>							
EF-B3.1	1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. Peso: 3,333%	Certa creatividade nos desplazamentos, variación dos puntos de apoio 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	CAA CSC CSIEE
EF-B3.1	1º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. Peso: 3,333%	Certa creatividade nos saltos, con dos puntos de apoio 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	CSC CCEE CAA
EF-B3.1	1º-EFB3.1.3 - Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. Peso: 3,333%	Giros sobre o eixe lonxitudinal en posición vertical ou en distintos xogos motores 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100%  INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz. 100%	CSC CCEE CAA
EF-B3.1	1º-EFB3.1.4 - Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a	Distingue entre tensión relaxación Relaxa e tensa voluntariamente un	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	CSC CAA CSIEE



	respiración. Peso: 3,333%	determinado grupo muscular 50%					
<b>BLOQUE 4 ACTIVIDADES FÍSICO ARTÍSTICO EXPRESIVAS</b>							
EF-B4.1	1º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. Peso: 3,333%	Imita algún animal, representa algunha situación da vida cotiá 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.50% Probas específicas.50% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico) 50% Proba obxectiva.50%	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	1º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. Peso: 3,333%	Sigue o ritmo e a cadencia dun pandeiro 50%			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas 100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	1º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. Peso: 3,333%	Participa de xeito activo nunha danza sinxela 50%		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz 100%	CCEC CAA CSC CSIEE
<b>BLOQUE 5 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>							
EF-B5.1	1º-EFB5.1.1 - Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. Peso: 3,333%	Trae la camiseta para cambiar regularmente 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática100%. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico)100%.	CSIEE CAA
EF-B5.1	1º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables. Peso: 3,333%	Trae para merendar regularmente lácteos, frutas, bocadillos 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observador externo100%  INSTRUMENTOS: Observador externo100%	CSC CSIE CAA

EF-B5.1	1º-EFB5.1.3 - Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. Peso: 3,333%	Practica algunha modalidade deportiva fora do entorno escolar 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico)100%	CSC CAA CSIEE
EF-B5.2	1º-EFB5.2.1 - Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. Peso: 3,333%	Mostra precaución nas actividades propostas 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CSC
<b>BLOQUE 6 OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>							
EF-B6.1	1º-EFB6.1.1 - Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. Peso: 3,333%	Utiliza unha organización táctica cando participa nos distintos xogos 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz.100%	CSC CSIEE CAA
EF-B6.1	1º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. Peso: 3,333%	Algunhas veces ou con certa regularidade 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz.100%	CAA CSIEE CSC
EF-B6.2	1º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados. Peso: 3,333%	Con certo grao de interés e motivaciónn 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz.100%	CCEE CAA CSC
EF-B6.2	1º-EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia. Peso: 3,333%	Xogos como a corda, os bolos, o trompo, canicas, etc...n 50%			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz. Proba obxectiva.100%	CCEC CAA CSC
EF-B6.2	1º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos tradicionais	Con certo grao de motivación e interés			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100%	CCEC CSC

	de Galicia seguindo as regras básicas. Peso: 3,333%	50%				INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz.100%	CAA
EF-B6.3	1º-EFB6.3.1 - Realiza actividades no medio natural. Peso: 3,333%	Mostra agrado e disfrute cando se realizan actividades no exterior 50%			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.100% INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.100%	CSC CAA
EF-B6.3	1º-EFB6.3.2 - Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. Peso: 3,333%	É consciente da necesidade de respetar o medio natural 50 %	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.100% INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.100%	CSC CAA

## **7.-CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA**

O método en termos abstractos sería o camiño para chegar á verdade e ensinala, en termos concretos o conxunto de procedementos mediante os cales podemos chegar a consecución de obxectivos; cando estes obxectivos estean relacionados cos labores de ensino, falaremos de métodos de ensino.

Ao longo da unidade didáctica utilizaranse diferentes estilos de ensino, uns máis directivos (mando directo e asignación de tarefas) e doutra banda outros menos directivos e máis baseados na procura e o descubrimento por parte do alumno (descubrimento guiado e resolución de problemas.

### **->O XOGO COMO RECURSO METODOLÓXICO**

O xogo é un recurso metodolóxico moi indicado para conseguir os obxectivos propostos dunha forma lúdica e pracenteira a calquera idade, e moito máis en educación primaria.

Segundo José María Cagigal, o xogo é “unha acción libre, espontánea, desinteresada, intranscendente, que xorde da vida habitual, que se efectúa baixo unhas limitacións espaciais e temporais, conforme a determinadas regras establecidas ou improvisadas, e cuxo elemento informativo é a tensión”

Segundo os traballos de autores como Piaget, Parlebas, Blázquez, Erikson, Le Boulch, Vayer, Linaza e Maldonado, pódense distinguir os seguintes períodos lúdicos (Lasierra e Lavega,1993):

->PERÍODO DE LUDOEGOCENTRISMO->Oscila entre os 2 e os 6 anos. Adoitan presentarse xogos sinxelos, individuais, totalmente egocéntricos, nos que o neno rexeita as regras entendidas como unha participación conxunta.

Estes xogos son os que posúen unha estrutura interna máis simple, resulta coherente pois que D.Blázquez menciónalos de organización simple. Nestes xogos prima a consecución de obxectivos individuais, as regras son moi simples, e as accións poden ser ficticias (xogos simbólicos) ou no caso de participar en xogos máis activos consisten en correr, escapar, anticiparse a unha zona determinada...

->PERÍODO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN LUDOMOTRIZ->Podería corresponder aos nenos cuxas idades oscilan entre os 6 e os 12 anos. Cada vez cobra maior interese a regra; aparece a noción de competición e comunicación motriz. Os xogos neste nivel son de organización media, permiten participar a nenos de distintas contornas en actividades cada vez máis colectivas. Con todo as accións colectivas deben de entenderse practicamente como o resultado sumativo de diversas accións individuais.

->PERÍODO DE ESTABLECEMENTO E DESENVOLVEMENTO DO ACORDO LUDOMOTOR->A partir dos 11/12 anos os mozos empezan a aceptar o pacto grupal con todas as súas consecuencias. Progresivamente introdúcese en actividades lúdicas máis reguladas, aceptando de moi bo grao os deportes e xogos moi reglamentados. Neste período, os grupos que mostren un especial interese polos deportes, tamén aceptarán moi positivamente os xogos que se asemellen a estas prácticas (xogos con balón, con obxectivos físicos - portarías, zonas de marca... - a alcanzar, competicións de equipos...).

Ademías do xogo como recurso metodolóxico, iniciaremos aos alumnos na práctica deportiva, a través xogos predeportivos e deportes modificados para que deste xeito se adapten as características destas idades.

Incidiremos de algún xeito, e estará presente nas nosas sesións, o traballo de tabatas ou circuitos con exercicios funcionáis pola gran riqueza e transferencia destes exercicios á actividade cotiá dos noso alumnado.

### **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS NA PRÁCTICA.**

Tendo en conta a situación sanitaria na que nos atopamos, e mentres estemos en situación de pandemia sanitaria, adoitaremos unha serie de medidas tanto ao comezo como ao remate das nosas sesións:

#### **A instalación.**

Organizar e limitar a circulación

Solicitar contenedores axeitados (protexidos con tapa, e a ser posible, accionados por pedal), para respetar o protocolo de usar, embolsar, tirar, tanto mascarillas como pañuelos.

Solicitar geles hidroalcohólicos o desinfectantes.

Señalizar áreas para que o alumnado poida deixar as mochilas, ou abrigos sen contacto.

### **Adaptacións curriculares e de aprendizaxe.**

5.1.1.-Se levarán a cabo adaptacións curriculares non significativas en canto a espazos, materiais, agrupacións, etc...

5.1.2.-Seleccionaremos contidos que sexan susceptibles de ser practicados ao aire libre, coas debidas distancia de seguridade.

5.1.3.-Teremos en conta o tempo que os nenos e nenas estiveron en confinamento, en canto ao que se refire á condición física, sedentarismo, inactividade, etc...

### **Distancias.**

5.1.4.-Priorizar actividades sen contacto físico e nas que se poida manter unha distancia mínima de 1.5 metros.

5.1.5.-Evitar actividades nas que non se poda evitar o distanciamento e que pola súa natureza sexa posible utilizar a mascarilla.

5.1.6.-Levar posta mascarilla e se fose posible mampara.

### **Materiais.**

5.1.7.- Evitar actividades nas que haxa que tocar superficies.

5.1.8.-Anticipar o uso do material, tendo en conta os tempos.

5.1.9.-Priorizar material que sexa sinxelo de desinfectar.

Por outra banda, si fose necesario o confinamento total ou parcial nalgún momento do curso utilizaremos os seguintes materiais e recursos:

### **7.1.1.-MATERIAIS – ENSEÑANZA PRESENCIAL / SEMIPRESENCIAL**

1.-Plataforma Aula Virtual cunha contorna Moodle; aquí colgaranse os cuestionarios, leccións, tarefas que os alumnos/as deberán de realizar.

2.-Utilización de recursos elaborados polo propio profesor para a dita situación.

3.-Utilización de aplicacións didácticas dixitais como poden ser JCLIC, LIM, HOT POTATOES, para aprender xogando e reforzar contidos de tipo teórico.

### **7.1.2.-RECURSOS.-**

1.-Recursos Dixitais

2.-Ordenadores e conexión a Internet

## **8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **8.1.-INSTALACIÓNS, GRANDE E PEQUENO MATERIAL**

#### **8.1.1.- INSTALACIÓNS**

O Centro conta cun pequeno ximnasio con dous vestiarios que se utilizan a modo de almacén de material, aínda que os rapaces e rapazas poden acudir a él para cambiar a camiseta, ir ao lavabo, etc...

Asimesmo, dispoñemos dunha pista polideportiva ao aire libre, cun pequeno campo de balonmán marcado lixeiramente, e varias canastras de baloncesto ou mini-basket.

Tamén dispoñemos dun soto semicuberto, que é utilizado nos recreos polos rapaces en días de choiva.

Dadas as especiais circunstancias de pandemia nas que nos atopamos, utilizaremos sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan o espazo ao aire libre, o no seu caso o espazo semicuberto; xa que hai que ter en conta que o principal obxectivo a parte de facer actividade física e deportiva, é que esta se faga con total seguridade, e sabemos que ao facer dita actividade ao aire libre minimízanse os contaxios nunha altísima porcentaxe.

Si ben é certo que será imprescindible a utilización de mascarillas faciais, e de xeito voluntario, mamparas de protección sin excluír a utilización de dita mascarilla.

#### **8.1.2.-MATERIAL (PEQUENO E GRANDE)**

Debido as circunstancias que nos atopamos de pandemia sanitaria, o uso de material nas sesións de educación física restrinxirase ao mínimo, intentando que os nenos o manipulen o menos posible.

Todo material utilizado nas clases será desinfectado polo profesor antes de volver a ser utilizado pola seguinte clase; de todos os xeitos, procurarase que o material non sexa manipulado polo nenos, ou si así fora, sempre o menos posible.

Únicamente utilizaremos este tipo de material para sinalizar, marcar, restrinxir espazos, etc...

Este tipo de material ao que fago referencia serán conos de señalización de diferentes tipos, aros, picas, cordas, pelota, pero sempre cas funcións que dixemos anteriormente.

## **8.2.- DIXITAIS**

1.-Plataforma Aula Virtual do Centro cunha contorna Moodle; aquí colgaranse os cuestionarios, leccións, tarefas que os alumnos/as deberán de realizar.

2.-Utilización de recursos editoriais, e outros elaborados polo propio profesor.

3.-Utilización de aplicacións didácticas dixitais como poden ser JCLIC, LIM, HOT POTATOES, para aprender xogando e reforzar contidos de tipo teórico.

### **8.2.1.-RECURSOS.-**

1.-Recursos Dixitais

2.-Ordenadores e conexión a Internet

3.-Aula de informática

4.-Enlace aula virtual.- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipostilos/aulavirtual2/course/view.php?id=36>



## 9.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A **avaliación** educativa, segundo Lagardera (1999), defínese como "o mecanismo de recollida de información que unha vez valorada debe servir para tomar determinadas decisións". Esta información será referida ao alumnado e ao propio docente, cuestionándose aspectos da programación ou do proceso de ensino-aprendizaxe que puidesen fallar. Así, o obxecto da avaliación educativa esténdese dende a valoración do nivel de aprendizaxe do alumnado, ata a análise global de todos os compoñentes do modelo educativo de que se trate (obxectivos, contidos, materiais e recursos, actuación do docente, ata a metaevaluación, que é a avaliación do propio sistema de avaliación).

Seguirase a Orde 09 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto aos **momentos da avaliación**:

- Ao principio da unidade didáctica é conveniente ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os alumnos/ás respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades que se aplican ao longo do curso, a primeira sesión ten a función de avaliación inicial, valorando os coñecementos do alumnado sobre os novos contidos a tratar. É dicir, será unha sesión ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros (por medio dunha escala de valoración).
- Ao longo da unidade, seremos conscientes das incidencias presentadas: Se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico apropiado, as actividades atractivas ou eficaces, así como o xeito en que os alumnos/ás responden ao traballo. Todo isto forma parte da avaliación continua, que tamén se identifica coa avaliación formativa, porque se entende que os resultados serven para realizar os axustes e correccións necesarias.
- Ao final da unidade didáctica, é preciso que se comprobe o grao de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/ás; isto coñécese como avaliación sumativa ou final. Igualmente rexistrárase por medio dunha escala de valoración.

A maior parte da información que se terá en conta para emitir unha cualificación final será **cualitativa** (subxectiva), e rexistrárase por medio de escalas de valoración, pero atendendo a conceptos, procedementos e actitudes. Nalgúns casos, tamén se pode recorrer á avaliación **cuantitativa** (obxectiva, medible e cuantificable), aínda que se utilizará principalmente para comprobar o nivel madurativo e motor do alumnado con respecto a o seu media de idade.

Consideraranse as implicacións que supón, tanto a interpretación dos resultados de aprendizaxe en termos comparativos entre os resultados de cada alumno/a e os do resto do grupo (**avaliación normativa**), como a interpretación deses mesmos resultados en función da propia capacidade de aprendizaxe do alumno/a (**avaliación por criterio**).

### 9.1.- ENSINANZA PRESENCIAL

AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	CALIFICACIÓN DO TRIMESTRE
PRIMEIRA	1.-Estándares Avaliables (80%) 2.-Interés mostrado nas sesións (5%) 3.-Respeto e cumprimento das medidas excepcionais derivadas da situación de pandemia (distanciamento, mascarilla, hixiene de mans, etc...) (10%) 4.-Respeto a profesor, compañeiros e instalación (5%)	CALIFICACIÓN(suma apartados)=1+2+3+4 (Puntuación obtida nos catro apartados anteriores)
SEGUNDA		
TERCEIRA		
ORDINARIA	1.-Media das tres avaliacións. 2.-En caso de decimáis, farase a aproximación, á nota inmediatamente superior ou inferior.	

## 9.2.-ENSINANZA NON PRESENCIAL

CRITERIOS DO TRABALLO NON PRESENCIAL	
1.-Participación e interese nas tarefas propostas de xeito telemático	30 % CALIFICACIÓN
2.-Resultados ou calificación de Cuestionarios, Lección ou Proba, que se plantexaron de xeito telemático / Outros medios	60 % CALIFICACIÓN
3.-Interaccións co profesor a través de mensaxería, así como interés mostrado polas actividades propostas	10 % CALIFICACIÓN

## 10.-INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### 10.1.-VALORACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS

ESCALA DE ESTIMACIÓN					
ALUMNO/A	ESTÁNDAR	ESTÁNDAR	ESTÁNDAR	ESTÁNDAR	CALIFICACIÓN
Lenda	NUNCA 0 – 25 % (N)	A VECES 50 % (AV)	CASI SIEMPRE 75 % (CS)	SIEMPRE 100 % (S)	

### 10.2.-VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA DOCENTE

INDICADORES A OBSERVAR	1-Non hai logro	2-logro escaso	3- logro cercano ao enunciado	4- logro por enriba do enunciado	5- excelente
1.-Grado de cumprimento dos obxectivos plantexados					
2.-Grado de aceptación dos contidos seleccionados					
3.-Distribución e temporalidade axeitada					
4.-Adecuación das tarefas plantexadas					
PROPOSTAS DE MELLORA					

## **11.-DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS DOS INFORMES INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACIÓN DO CURSO 2021/2022) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

### **11.1.-MEDIDAS ADOPTAR**

11.1.1.- Xogos de presentación e interacción, sempre mantendo as distancias de seguridade.

11.1.2.- Práctica de xogos motores de persecución cunha lóxica interna sinxela, para traballar a resistencia aeróbica e a queima de calorías, para paliar os efectos do sedentarismo e confinamento (total ou parcial) ao que están sometidos os nenos/as.

11.1.3.- Práctica de pequenas tabatas ou circuitos sinxelos de coordinación e equilibrios, para valorar o estado físico xeral.

11.1.4.- Respeitar en todo momento os tempos que os nenos/as necesiten para recuperar, de feito, intentando que sexan eles os que decidan o descanso e se autorregulen polo hándicap que acarrega a mascarilla, en canto á absorción de oxíxeno.

### **12.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL**

12.1.- Desde a área de educación física, estaremos en constante contacto coa titora / titor dos rapaces, por se houbera calqueira problema en canto aos recursos dixitais para poder arranxalo coa maior brevidade.

12.2.- No caso de que exista algún problema debido aos recursos dixitais, poñeríamos en contacto coa familia do alumno/a en cuestión para propoñer medios alternativos, xa sexa para facer os traballos ou para envialos.

12.3.- En todo caso, sempre se velará polo beneficio do alumno/a.

### **13.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Aquelas que formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe consideralas visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Ademáis de todas as conmemoracións que aparecen no calendario escolar 2020/2021, realizaranse as propostas polo equipo correspondente, como por exemplo:

- Celebración do Magosto.
- Celebración do Samaín.
- Celebración do Nadal.
- Celebración do Día da Paz.
- Entroido
- Celebración Letras Galegas
- Día do Medio Ambiente.
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis sempre en horario lectivo
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas propostas polo Concello (sempre en horario lectivo)

#### **14.-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALLACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A programación didáctica é un elemento vivo, susceptible de revisión, modificación e adaptación en calquera momento do proceso de ensino e aprendizaxe do noso alumnado.

Polo tanto, ao rematar cada trimestre, valoraremos de xeito crítico e constructivo unha serie de aspectos relacionados coa nosa práctica docente:

- 1.-Como se levou a cabo a organización e agrupamentos dos alumnos.
- 2.-Organización e distribución de tempos (desprazamentos, colocación de material, limpeza e desinfección, recollida de material)
- 3.-Tempos de recuperación do alumnado polas características especiais da práctica física con mascarillas.
- 4.-Adecuación das tarefas propostas ao alumnado (as súas características, aos seus intereses, preferencias, índice de participación, motivación)

Así como aqueles aspectos que poidan xurdir durante a práctica diaria nas respectivas sesións.

Para todo elo, levaremos a cabo un rexistro anecdótico de todos estes aspectos, a longo do curso.